



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas al acceso al castillo de Corbeiroa situado entre los municipios de Bergondo y Sada.**

Las ruinas del castillo de Corbeiroa, situadas en pleno dominio público marítimo terrestre, en la costa entre los municipios de Bergondo y Sada, conforman un importante patrimonio histórico de la zona, fueron declaradas Bien de Interés Cultural genérico en 1949 y se incluyen dentro de una batería costera construida en el siglo XVIII como elemento defensivo del golfo ártabro.

Sin embargo, este importante elemento patrimonial, en la actualidad, no puede ser visitada. El terreno que rodea el castillo es titularidad del Albergue Juvenil de Gandarío, propiedad de la Xunta de Galicia, por lo que no se permite el acceso libre a la zona. Además, aunque la normativa exige garantizar la posibilidad de visitar bienes culturales, no se está facilitando los cuatro días mensuales de visita pública obligatorios, durante por lo menos cuatro horas, que marca la Ley de Patrimonio cultural de Galicia.

La vecindad de la zona demanda el acceso a este castillo y su acondicionamiento, llegando incluso a dirigirse a la Valedora do Pobo la Asociación de Vecinos de Obra. La Xunta de Galicia, como consecuencia de esta demanda de la vecindad, asumió los trabajos de limpieza de sus accesos. Tras esta limpieza, el castillo, que estaba oculto por la vegetación que lo cubrió durante décadas, quedó a la vista, y también se procedió a instalar paneles informativos. No obstante, la información que trasladó el gobierno gallego en relación con



estas obras hacía referencia a estos trabajos como «actuación» o «intervención arqueológica», a pesar de que consistió en una limpieza de la maleza (incluso que se había hecho «bajo control arqueológico») y es preciso llevar a cabo trabajos mucho más profundos de recuperación, pues existe un riesgo de derrumbamiento de parte de los muros, por lo que estos trabajos son urgentes.

El artículo 31 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas establece que la utilización del dominio público marítimo-terrestre y, en todo caso, del mar y de la ribera será libre, pública y gratuita para los usos comunes y acordes con la naturaleza de aquel, tales como pasear, estar, bañarse o navegar, entre otros. Asimismo, la normativa contempla que el terreno inmediato a la línea del mar que no es parte del dominio público está afectado por una serie de servidumbres. En la ley se establecen, asimismo, obligaciones respecto a las servidumbres de protección de la costa que recaen sobre una franja de 100 metros medida desde el límite interior de la ribera del mar. Una extensión que puede ampliarse en determinados casos hasta los 200 metros y que se reduce a 20 metros en los terrenos ya clasificados como suelo urbano. Con la modificación realizada en 2013 de la ley, la servidumbre de protección pasa a ser de manera general de 20 metros.

Además, debe respetarse la llamada servidumbre de tránsito. Su objetivo es permitir la libre circulación de las personas a lo largo de la costa. Recae sobre una franja de 6 metros, medidos tierra adentro a partir del límite interior de la ribera del mar, aunque en lugares de tránsito difícil o peligroso dicha anchura podrá ampliarse en lo que resulte necesario, hasta un máximo de 20 metros. La ley señala claramente que esta zona deberá dejarse permanentemente expedita para el paso público peatonal y para los vehículos de vigilancia y salvamento, salvo en espacios especialmente protegidos.

Así pues, corresponde al Gobierno del Estado defender el respeto de los derechos colectivos en relación con el uso del DPMT y la servidumbre de tránsito para el disfrute de este.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno, a través del Ministerio de Transición Ecológica y Reto Demográfico, de las limitaciones de acceso al Castillo de Corbeiroa, declarado BIC, situado en dominio público marítimo-terrestre entre los municipios de Bergondo y Sada?
2. ¿Qué actuaciones ha emprendido o va a acometer el Ministerio para hacer cumplir la Ley de Costas y que se permita el tránsito público en la zona de DPMT y se ponga fin a las prohibiciones y limitaciones impuestas para el acceso al Castillo de Corbeiroa?
3. ¿Comparte que se debe poner fin a la ilegalidad y asegurar el tránsito de los viandantes en las zonas de servidumbre de protección, así como el acceso al mar?
4. ¿Atendiendo a la situación de grave deterioro de las ruinas del Castillo de Corbeiroa, que forma parte de una serie de baterías de protección del golfo ártabro construidas en el siglo XVIII, estaría el Gobierno en disposición de participar o colaborar con las administraciones titulares y competentes en la materia para su restauración y puesta en valor?

Madrid, a 13 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAR. 2026 09:16:23

Entrada **106331**

Sobre o libre acceso ao Castelo de Corbeiroa sito en DPMT

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado




Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao acceso ao castelo de Corbeiroa sito entre os concellos de Bergondo e Sada.**

As ruínas do castelo de Corbeiroa, situadas en pleno dominio público marítimo terrestre, na costa entre os Concellos de Bergondo e Sada, conforman un importante patrimonio histórico da zona, foron declaradas Ben de Interese Cultural xenérico en 1949 e inclúense dentro dunha batería costeira construída no século XVIII como elemento defensivo do golfo ártabro.

Porén, este importante elemento patrimonial, na actualidade, non pode ser visitada. O terreo que rodea o castelo é titularidade do Albergue Xuvenil de Gandarío, propiedade da Xunta de Galiza, polo que non se permite o acceso libre á zona. Ademais, aínda que a normativa exige garantir a posibilidade de visitar os bens culturais, non se están a facilitar os catro días mensuais de visita pública obrigatorios, durante cando menos catro horas, que marca a Lei do patrimonio cultural de Galiza.

A veciñanza da zona está a demandar o acceso a este castelo e o seu acondicionamento, chegando mesmo a dirixirse á Valedora do Pobo a Asociación de Veciños de Obra. A Xunta de Galiza, como consecuencia desta demanda da veciñanza, asumiu os traballos de limpeza dos seus accesos. Tras esta limpeza, o castelo, que estaba oculto por vexetación que o cubriu durante décadas, quedou á vista, e tamén se procedeu a instalar paneis informativos. Porén, a información que trasladou o goberno galego en relación con estas obras facía





referencia a estes traballos como “actuación” ou “intervención arqueolóxica”, a pesar de que consistiu na limpeza da maleza (mesmo que se fixera “baixo control arqueolóxico”) e é preciso levar a cabo traballos moito máis profundos de recuperación, pois existe un risco de derrubamento de parte dos muros, polo que estes traballos resultan urxentes.

O artigo 31 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas establece que a utilización do dominio público marítimo-terrestre e, en todo caso, do mar e da ribeira será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza de aquel, tales como pasear, estar, bañarse ou navegar, entre outros. Así mesmo, normativa contempla que o terreo inmediato á liña do mar que non é parte de dominio público está afectado por unha serie de servidumes. Na lei establécense, así mesmo, obrigas respecto ás servidumes de protección da costa que recae sobre unha faixa de 100 metros medida desde o límite interior da ribeira do mar. Unha extensión que pode ser ampliada en determinados casos até os 200 metros e que se reduce a 20 metros nos terreos xa clasificados como solo urbano. Coa modificación realizada en 2013 da lei, a servidume de protección pasa a ser de maneira xeral de 20 metros.

Ademais debe respectarse a chamada servidume de tránsito. O seu obxectivo é permitir a libre circulación das persoas ao longo da costa. Recae sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar, aínda que en lugares de tránsito difícil ou perigoso dita anchura poderá ampliarse no que resulte necesario, até un máximo de 20 metros. A lei sinala claramente que esta zona deberá deixarse permanentemente expedita para o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

Así pois, corresponde ao Goberno do Estado defender o respecto dos dereitos colectivos en relación ao uso do DPMT e a servidume de tránsito para desfrute deste.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:



1. Ten coñecemento o Goberno, a través do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, das limitacións de acceso ao Castelo de Corbeiroa, declarado BIC, sito en dominio público marítimo-terrestre entre os Concellos de Bergondo e Sada?
2. Que actuacións ten emprendido ou vai acometer o Ministerio para facer cumprir a Lei de Costas e que se permita o tránsito público na zona de DPMT e se poña fin ás prohibicións e limitacións impostas para o acceso ao Castelo de Corbeiroa?
3. Comparte que se debe pór fin á ilegalidade e asegurar o tránsito ás e aos viandantes nas zonas de servidume de protección así como o acceso ao mar?
4. Atendendo á situación de grave deterioro das ruínas do Castelo de Corbeiroa, que forma parte dunha serie de baterías de protección do golfo ártabro construídas no século XVIII, estaría en disposición o Goberno de participar ou colaborar coas administracións titulares e competentes na materia para a súa restauración e posta en valor?

Madrid, a 13 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso